

FACER UNHA TAREFA EN LIÑA

Hai tarefas na Aula Virtual que se fan en liña, é dicir, tes que facer a tarefa dentro de propia Aula Virtual escribindo no cadro do procesador de textos que está integrado na tarefa.

As tarefas móstranse na Aula Virtual coa icona , independentemente de que sexan tarefas en liña ou tarefas de envío de ficheiros.

Os pasos que tes que seguir facer unha tarefa en liña son os seguintes:

1. Entra na Aula Virtual do cole como usuario identificado empregando o teu nome de usuario e o teu contrasinal. Se non te lembrás como se fai, consulta o manual “Como acceder á Aula Virtual como usuario identificado”.
2. Vai ao o curso onde se atopa a tarefa que vas a facer.



Fai unha pequena redacción explicando o que fixeches esta fin de semana, se queres podes engadir imaxes.

No exemplo a tarefa é “A miña fin de semana”


3. Pica sobre o nome da tarefa que vas a realizar. Tras facelo e amosarase a información sobre a mesma e o estado no que se atopa.

A MIÑA FIN DE SEMANA

Fai unha pequena redacción explicando o que fixeches esta fin de semana, se queres podes engadir imaxes.

Estado da entrega

Estado da entrega	Sen intentos
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Domingo, 20 de Setembro do 2020, 00:00
Tempo restante	6 días 1 hora
Última modificación	-
Comentarios a entrega	► Comentarios (0)




FACER UNHA TAREFA NA AULA VIRTUAL

4. Pica no botón “Engadir entrega”.

5. Na seguinte pantalla móstrase o cadro co procesador de texto integrado no que debes escribir o que se che pide na tarefa.

A MIÑA FIN DE SEMANA

Fai unha pequena redacción explicando o que fixeches esta fin de semana, se queres podes engadir imaxes.



The screenshot shows a web-based text editor. At the top left, it says "Texto en liña". To the right is a toolbar with icons for paragraph, bold (B), italic (I), bulleted list, numbered list, link, unlink, insert image, and insert video. Below the toolbar is a large text area with the placeholder text "Aquí debes redactar o texto". At the bottom left of the text area, it says "Ruta: p". At the bottom of the entire interface, there are two buttons: "Gardar os cambios" (highlighted with a red rectangle) and "Cancelar".

6. Pica no botón “Gardar os cambios”.

7. Na seguinte pantalla amósase a información sobre o estado da entrega.

Segundo como configurará a entrega a profe pode poñer dúas cousas:

Opción 1. Estado da tarefa: “Entregado para cualificacións”. Neste caso a túa tarefa xa está entregada.

O botón “Editar o meu envío” permite entrar de novo no procesador de textos integrado para realizar modificacións na tarefa.

No momento que a profe cualifique a tarefa pode bloquear a entrada na tarefa para modificala polo que non se amosará o botón.

A MIÑA FIN DE SEMANA

Fai unha pequena redacción explicando o que fixeches esta fin de semana, se queres podes engadir imaxes.

Estado da entrega

Estado da entrega	Entregado para cualificacións
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Domingo, 20 de Setembro do 2020, 00:00
Tempo restante	6 días 1 hora
Última modificación	Domingo, 13 de Setembro do 2020, 22:07
Texto en liña	 Aquí debes redactar o texto
Comentarios a entrega	► Comentarios (0)

Editar o meu envío

Facerlle cambios á súa entrega

Opción 2. Estado da tarefa: "Versión preliminar (non entregada)"

Neste caso a tarefa aínda non está entregada e podes facer cambios nela utilizando o botón "Editar o meu envío".

Para enviala e que a profe poida cualificala debes picar sobre o botón "Entregar tarefa", ten en conta que unha vez que piques nel non poderás facer cambios na tarefa.

A MIÑA FIN DE SEMANA

Fai unha pequena redacción explicando o que fixeches esta fin de semana, se queres podes engadir imaxes.

Estado da entrega

Estado da entrega	Versión preliminar (non entregada)
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Domingo, 20 de Setembro do 2020, 00:00
Tempo restante	6 días 1 hora
Última modificación	Domingo, 13 de Setembro do 2020, 22:07
Texto en liña	 Aquí debes redactar o texto
Comentarios a entrega	► Comentarios (0)

Editar o meu envío

Facerlle cambios á súa entrega

Entregar tarefa

Unha vez que se entregou a tarefa non poderá facer máis cambios.

Tes que confirmar que queres enviar a tarefa picando en "Continuar"

Confirmar entrega

Confirma que quere entregar o seu traballo para cualificación? Non poderá facerlle máis cambios.


Continuar

Cancelar


GRAVAR SONS NUNHA TAREFA

Se nunha tarefa en liña a profe che manda realizar unha gravación de son os pasos que debes seguir son:

1. No editor do texto en liña pica sobre  .
2. Pica sobre "Star recording". Tras facelo amosarase o tempo que resta de gravación.




Segundo como estea configurado o teu ordenador e/ou navegador pode aparecerche unha xanela emerxente na que te pida a autorización para utilizar o micrófono.



Pica sobre "Permitir"

3. Unha vez rematada a gravación pica sobre "Stop Recording"




4. Na seguinte pantalla podes:

- escoitar a túa gravación
- Realizar unha nova gravación picando sobre "Record Again"

FACER UNHA TAREFA NA AULA VIRTUAL

- Adxuntar a gravación a túa tarefa picando sobre “Attach Recording as Annotation”




5. Envía a tarefa como se explicou anteriormente.

GRAVAR VÍDEOS NUNHA TAREFA

Se nunha tarefa en liña a profe che manda realizar unha gravación de vídeo os pasos que debes seguir son:

1. No editor do texto en liña pica sobre .

2. Pica sobre “Comezar a gravar”. Tras facelo amosarase o tempo que resta de gravación.



Segundo como estea configurado o teu ordenador e/ou navegador pode aparecerche unha xanela emerxente na que te pida a autorización para utilizar o micrófono e a cámara.



Permitir que **eva.edu.xunta.gal** use a súa cámara e micrófono?

Cámara a compartir:

HP HD Camera: HP HD Camera

Micrófono a compartir:

Audio interno Estéreo analóxico


Non permitir

Permitir

FACER UNHA TAREFA NA AULA VIRTUAL


Pica sobre "Permitir"

3. Unha vez rematada a gravación pica sobre "Deixar de gravar"



4. Na seguinte pantalla podes ver a túa gravación, realizar unha nova gravación ou adxuntar a gravación a túa tarefa picando no botón "Attach Recording as Annotation"

FACER UNHA TAREFA NA AULA VIRTUAL



Se non podes ver o botón “Attach Recording as Annotation” por atoparse na parte inferior da pantalla pulsa F11 (ou FN+F11) para ver a pantalla completa, para volver a visualización normal pulsa de novo F11 ou FN +F11.